



ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 12/2017

CARÁCTER: Ordinario

ANUNCIO

Con data 27 de novembro de 2017, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter ordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 30 de novembro ás 20:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borradores das actas das sesións anteriores ordinaria nº 10/2017 de 26 de outubro e extraordinaria nº 11/2017 de 14 de novembro.

2º.-Expediente

2669/2017.

Derogación da
ordenanza fiscal
do Imposto sobre
o Incremento de
valor dos Terreos
de Natureza
Urbana do
Concello de Tui.

3º.-Expediente 1600/2017. Aceptación de cesión de uso, a título gratuito, do inmovible "Edificio San Paio" (Area Panorámica).

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



4º.-Expediente 2720/2017.Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das axudas á Rehabilitación de Edificios, Vivendas e Urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui.

5º.-Nomeamento dos representantes do Concello na Mancomunidade do Baixo Miño

6º.-Nomeamento de representantes da Corporación nos Consellos Escolares

7º.-Mocións de Urxencia.

B).- Actividade de control:

8º.-Dación de conta das resolucións de Alcaldía dende a nº 2017-1366 de 23/10/2017 ata a nº 2017-1506 de 24/11/2017.

9º.-Posta en coñecemento de Resolución de Alcaldía de data 26/10/2017, relativa a Información custo efectivo dos servizos no Concello de Tui exercicio 2016.

10º.-Posta en coñecemento de Informe Execución Trimestral 3º trimestre exercicio 2017.

11º.-Posta en coñecemento de Informes trimestrais.Morosidade-Lei 15/2010. Periodo Medio de Pago. 3º trimestre 2017

12º.- Disposicións de interese.

C).- Rogos e preguntas:

13º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso”.

O que se emite aos efectos de publicación.

Tui, O Alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.